



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN BENÉFICA SOCIAL DE PADRES Y AMIGOS LA ESPERANZA DEL VALLE MIÑOR PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO DISCAPACITADO AO CEEPR JUAN MARÍA.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2021/2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado, que figura na memoria de detalle do servizo da entidade anexa ao convenio, dende os seus domicilios ao CEEPR Juan Maria (ida e volta), radicado na provincia de Pontevedra.

Igualmente, este convenio posibilitará o seu traslado a/ou desde os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando o dito tratamento coincida co horario escolar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

Que a Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade,





para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lle permitan ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén, a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado, e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

Que para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de transporte escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

